

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15002086	CEIP Plurilingüe de Ponte do Porto	Camariñas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento xunto co Decreto 155/2022 no que se establecen as ordenanzas do currículo de educación primaria en Galicia, serán o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica. Así pois, propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

Esta programación será levada a cabo dentro da área de Proxecto Competencial no CEIP Plurilingüe Ponte do Porto ubicado na localidade de Ponte do Porto. O concello no que se enmarca é o de Camariñas e pertencen a provincia da Coruña. Este centro é de liña un, é dicir, ten 10 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 7 unidades de educación primaria.

O/as 5 alumnos/as para os cales se elaborou dita programación atópase no primeiro curso da etapa, polo que conta con seis anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso da ludoteca .

Nesta materia presentase un proxecto que ten como obxectivo diferenciar diferentes competencias claves , a través da elaboración dun xogo de mesa, fomentando o traballo en equipo, a creatividade e a resolución de problemas. Unha elaborado o xogo , contamos con dúas propostas, unha levar o xogo a outras aulas , e a outra proposta é levalo a casa para xogar cas familias,

Dentro desta área consideramos o xogo como una parte primordial da formación Integral do alumnado xa que transmite a bagaxe cultural da sociedade e é fundamental para o futuro e avance da mesma (Garrido et al., 2008: 36)

Todo isto levarase a cab10. Anexo. Información docenteo nas 3 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando 1 unidade en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

Dito o anterior, podemos comprender a importancia da elaboración dunha programación de Proxecto Competencial que fomente un ensino activo, participativo e individualizado, impulsando a investigación, a capacidade de aprender a aprender, o espírito crítico e a creatividade que a continuación presentamos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Somos os detectives dos xogos.	Investigación sobre os xogos de mesa existentes.	40	15	X		
2	Atópamos os xogos de mesa!	A análise das regras e mecánicas dos diferentes tipos de xogos.	30	10		X	
3	Creamos un xogo.	Elaboración dun xogo de mesa ca información recopilada.	30	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Somos os detectives dos xogos.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñe a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados a mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunica as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia no discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición e controla, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Atópamos os xogos de mesa!	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica e selecciona a información que se precisa.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados e mobiliza as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega , de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve , dentro do seu nivel de autonomía, ou comunica as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficiencia do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións na exposición e controla, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Creamos un xogo.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valora os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prevee as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propón posibles solucións a estas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización previstas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados e mobiliza as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunica as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición e controla, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega discursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

## Contidos

- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Arnau e Zabala (2007) sinalan este aprendizaxe como a base de calquera práctica de innovación educativa en Primaria, e na que a clave é a participación, a experimentación e unha aprendizaxe significativa e funcional. Para acadar a aprendizaxe competencial é fundamental fomentar un aspecto básico para o constructivismo, o papel activo e autónomo do alumnado, despertando a súa motivación e curiosidade, e o papel facilitador e orientador do mestre/a para promover as aprendizaxes.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico no que predominarán estilos de ensino cognoscitivos, onde o alumnado é o protagonista do proceso, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Actividades que partan da observación e experimentación, desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións , resolución de problemas concretos, nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Algunhas actividades a levar a cabo: elaborar un xogo de mesa.

- Tamén promoveremos en práctica o xogo/gamificación, considerando todas as súas características: divertido, educativo, evasivo, motivante, creativo...

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado. Así pois, para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes e vídeos.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Dentro de cada equipo haberá unha serie de roles: coordinador/a (portavocía e coordinación), controlador (tempo e ruído), secretario/a (anota e segue as tarefas)



e organizador (coida o material, a orde...). Utilizaremos diferentes estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos .

-Con periodicidade realizaremos, en asemblea, autoavaliación, coavaliación e posta en común, onde trataremos aspectos como:

- o Que aprendín?
- o Que me resultou máis difícil e teño que mellorar?
- o Como me sentín? Que foi o que máis me gustou?
- o Como foi a relación coas miñas compañeiras e compañeiros?
- o Realizamos ben a tarefa en equipo, organizámonos ben? ...
- o Podo axudar? Deixo que me axuden?

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, e a realización de proxectos . Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, proxectores, tablets, cámaras fotográficas, etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** aula virtual, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr), kahoot, Socrative, Quizziz, Genially, Liveworksheets, educaplay

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

Nesta programación fórmase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

Esta selección e uso dos materiais e recursos didácticos é un aspecto esencial da metodoloxía por iso serán variados, adaptados aos estilos e ritmos de aprendizaxe, manipulativos, atendendo á diversidade da aula e incluírán as TICS.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso e ao inicio de cada unidade didáctica.

Esta avaliación inicial levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-aula ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual e así adaptar proceso de ensino aprendizaxe ás características do grupo-aula.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación. Polo que a avaliación debe ser global, continua e formativa

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avalíaranse os criterios de avaliación que se indican, así como, tarefas e fichas, o respecto polos

compañeiros, o traballo en equipo, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade e autonomía na execución dos proxectos, a participación activa, a creatividade, ademais do traballo de clase.

No tocante á calificación dos trimestres, a fórmula será a seguinte:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD1

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= NOTA UD2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD3

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados. No cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

80% Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula.

10% Actitude e participación activa na aula.

10% Remata as tarefas no tempo estipulado.

A NOTA da AVALIACIÓN FINAL será a obtida no terceiro trimestre, ao tratarse dunha avaliación continua.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco:

\* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

\* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

### **Criterios de recuperación:**

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 26 de maio de 2023, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse as avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar tal e como se recolle na Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, polo que se regula a atención a diversidade na comunidade autónoma de Galicia.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

A maiores destas medidas reflectidas de xeito xeral, teranse en conta as recomendacións e orientación pautadas para o profesorado nos Protocolos que afectan ao alumnado da aula publicados pola Xunta de Galicia, así como outras pautas recomendadas polo Xefe de Departamento de Orientación do Centro.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, aprofundando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc. Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, PROA, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Dado que cada alumno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e nena e o seu ritmo de traballo.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e en outro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible. De aquí que, o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

Finalmente, recalcar, que estas medidas son sempre de carácter provisional, dado que poden precisar ser revisadas, reducidas ou ampliadas e a maiores, o alumnado pode variar ao longo do curso.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital.	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable.	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a un área determinada, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. Polo que esta materia é un espazo moi adecuado para que estes contidos se traballen de xeito globalizado.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visitas a un museo, exposicións...	X		
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte... prácticas	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como o Día mundial da Saúde, Día do Medio Ambiente, Día da Paz... da Paz	X	X	X
Charlas formativas	familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións . ucións		X	X

### Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista do Proxecto Competencial.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Rol do docente.
Procedemento de avaliación.
Temporalización.
Metodoloxía empregada
Actividades axeitadas.
Incorporación das TIC aos procesos de aprendizaxe.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Estilo de ensinanza.
Motivación do alumnado.

### Descrición:

Ademais da avaliación do alumnado, debemos ter en conta a propia práctica do docente. O Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 26 de maio de 2023, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa práctica docente nas programacións didácticas.

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, mellorando esta, mellorase a calidade da aprendizaxe do alumnado, sendo este o obxectivo último e fundamental desta tarefa.

A hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente, a escala de valoración empregada para cada indicador será:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia, non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora.
- Insuficiente : omítense elementos fundamentais do indicador.
- Básico: cumprimento suficiente do indicador.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda programación está suxeita a ser revisada co continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Asemade, hai que destacar o emprego do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se a programación inicialmente se desenvolve sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións quedarán reflectidas na memoria, que se elaborará ao final de curso, e sevirá como proposta de mellora para o seguinte curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación, atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación temporalización das unidades didácticas. Durante o desenvolvemento destas e ao seu remate, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, así como o equipo do 1º ciclo, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios, cando sexa preciso.

- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumno/a, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora nos aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumno/a.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, esta información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co motivo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

## 9. Outros apartados